

**FORMULARIOS DO DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE (DRDADI)  
CURSO 2019-2020**

Nestes formularios consignarase o alumnado con necesidade específica de apoio educativo valorado polos servizos de orientación educativa ou o personal competente a tal efecto.

OS DATOS recollidos nos formularios do epígrafe "ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO" SON EXCLUÍNTES, non debe existir duplicidade na recollida do alumnado. Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.

**ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO**
**Alumnado que presenta necesidades educativas especiais:**

O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar nesta epígrafe exclusivamente

Neste formulario consignarase o alumnado valorado como tal polos equipos ou servizos de orientación educativa que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves.

OS DATOS recollidos neste formulario SON EXCLUÍNTES, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Altas capacidades" nin en "Incorporación tardía" nin en "Específicas de aprendizaxe" nin en "Outras condicións especiais" nin en "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"). Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.

Ao pé deste formulario, na "Listaxe de necesidades de alumnos de escolarización combinada" aparecerán, se é o caso, os alumnos matriculados no centro que contan cun ditame de escolarización combinada. Será o centro que os recibe quen cubre as súas necesidades e amosaranse aquí.

Se atopa algún erro neles deberá poñerse en contacto co centro en cuestión para que fagan a corrección oportuna. Estes alumnos non poden incluírse en ningún dos formularios deste drdadi para non duplicar o seu cómputo na estatística.

Téñaos en conta para revisar que non lle falte alumnado con necesidades especiais, matriculado no seu centro, sen referenciar neste formulario.

ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS		Deles/as, cant@s cunha discapacidade igual ou superior ao 65%?	
		Homes	Mulleres
Discapacidade física	Motora		
	Outras		
Discapacidade intelectual	Leve		
	Moderada		
	Grave		
	Profunda		
Discapacidade sensorial	Con discapacidade auditiva	Hipoacusia media	
		Hipoacusia severa	
		Hipoacusia profunda/xordeira	
	Con discapacidade visual	Deficiencia visual	
		Cegueira	
		Outros	
Trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta	Trastorno negativista desafiante		
	Trastorno explosivo intermitente		
	Trastorno da conduta		
	Trastorno da personalidade antisocial		
	Outros		
Trastorno do espectro do autismo (TEA) (Inclúe síndrome de Asperger)			
Trastorno de Rett			
Trastorno da personalidade			
Trastorno da conduta alimentaria e da inxesta de alimentos			
Plurideficiencia (**)			
Outros (trastornos graves da comunicación e aprendizaxe)			

Recóllese para calquera das ensinanzas ofertadas polo centro:

Inf, Prim., ESO, Bach, Ciclos, Programas formativos de FP Básica.

todas as deficiencias concretas que combinan estes alumn@s, isto é:

Nome da discapacidade	Nome abreviado
Discapacidade física	DF
Discapacidade intelectual	DI
Discapacidade sensorial auditiva	DSA
Discapacidade sensorial visual	DSV
Trastorno negativista desafiante	TND
Trastorno explosivo intermitente	TEI
Trastorno da conduta	TC
Trastorno da personalidade antisocial	TPA
Outros trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta	TDO
Trastorno de espectro do autismo (TEA) (Inclúe Síndrome de Asperger)	TEA
Trastorno de Rett	TRT
Trastorno da personalidade	TP
Trastorno da conduta alimentaria e da inxesta de alimentos	TCA
Outros trastornos graves da comunicación e aprendizaxe	OTG
Trastorno por deficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH)	TDAH

Deberá marcar máis dunha deficiencia para poder "Gardar" a información. Unha vez gardada, premendo enriba da palabra "Plurideficiencia" que se amosa ao pé co número de alumno/s por sexo que a presentan, poderá ver a suma de deficiencias coas abreviaturas que correspondan as necesidades escollidas para el/eles.

**Alumnado con altas capacidades intelectuais:**

**O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar na epígrafe "Educativas especiais" exclusivamente**

Neste formulario consignarase o alumnado que recibe atención educativa a través de medidas específicas (adaptacións curriculares de profundización ou de ampliación de currículo, flexibilización do período de escolarización) e/ou participa en programas extracurriculares de enriquecemento.

**Superdotación:** manifestación de altas habilidades intelectuais (superiores á media), elevado nivel de compromiso coa tarefa e altos índices de creatividade.

**Talento:** elevada capacidade ou habilidade para a realización moi exitosa de certas tarefas ou actividades.

**OS DATOS** recollidos neste formulario **SON EXCLUÍNTES**, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Educativas especiais" nin en "Incorporación tardía" nin en "Específicas de aprendizaxe" nin en "Outras condicións especiais" nin en "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"). **Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.**

**ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

Alumnado superdotado
Alumnado talentoso

Recóllense para calquera das ensinanzas ofertadas polo centro, agás FP Básica e Programas formativos de FP Básica: **Inf, Prim., ESO, Bach, Ciclos (FP Básica e Programas formativos de FP Básica NON)**

**Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo:**

**O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar na epígrafe "Educativas especiais" exclusivamente**

Neste formulario consignarase o **alumnado** procedente **doutros países que NO PRESENTE CURSO ESCOLAR INCORPOROUSE** ás ensinanzas obrigatorias do noso sistema educativo e se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- a) Está escolarizado en un ou dous cursos inferiores ao que lle corresponde pola súa idade.
- b) Recibe atención educativa específica transitoria dirixida a facilitar a súa inclusión escolar, á recuperación do desfase curricular detectado, ao dominio da lingua vehicular do proceso de enseñanza.

Ademais de atoparse nalgunha das dúas situacións anteriores, este alumnado está determinado por tres características básicas e teñen que cumprirse todas:

- 1.- Incorporouse no curso actual
- 2.- Procede doutro país
- 3.- Precisa de apoio educativo para a súa inclusión no noso sistema educativo.

**OS DATOS** recollidos neste formulario **SON EXCLUÍNTES**, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Educativas especiais" nin en "Altas capacidades" nin en "Específicas de aprendizaxe" nin en "Outras condicións especiais" nin en "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"). **Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.**

**ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO**

Inmigrante con descoñecemento da lingua galega sen desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante con descoñecemento da lingua galega con desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante con descoñecemento da lingua castelá sen desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante con descoñecemento da lingua castelá con desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante con descoñecemento da lingua galega e da lingua castelá sen desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante con descoñecemento da lingua galega e da lingua castelá con desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española
Inmigrante só con desfase curricular	Sen nacionalidade española Con nacionalidade española

Recóllense só para os niveis de: **Primaria e ESO**

**Alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe:**

**O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar na epígrafe "Educativas especiais" exclusivamente**

Neste formulario incluírase o alumnado con trastornos específicos do desenvolvemento da aprendizaxe escolar da lectura, a expresión escrita, o cálculo e outros trastornos non especificados.

**Non se inclúe** o descoñecemento da lingua de instrución.

**OS DATOS** recollidos neste formulario **SON EXCLUÍNTES**, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Educativas especiais" nin en "Altas capacidades" nin en "Incorporación tardía" nin en "Outras condicións especiais" nin en "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"). **Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.**

**ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE**

Con trastorno da lectura
Con trastorno da escritura
Con trastorno do cálculo
Con trastorno da lectura e a escritura
Con trastorno da lectura e o cálculo
Con trastorno da escritura e o cálculo
Con trastorno da lectura, a escritura e o cálculo
Con outras dificultades

Recóllense para calquera das ensinanzas ofertadas polo centro, agás Infantil: **Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos, Programas formativos de FP Básica.**

**CASUÍSTICAS - DRDADI**

**Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar:**

O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar na epígrafe "Educativas especiais" exclusivamente

Neste formulario incluírase nas dificultades psicolingüísticas o alumnado con trastornos da linguaxe expresiva, mixto da linguaxe receptivo-expresiva, fonolóxicos e da comunicación non especificados. O retraso madurativo neurolóxico e psicolóxico. O alumnado con descoñecemento grave da lingua de instrución e o alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa.

**Retraso madurativo:** Alumnado con retraso madurativo neurolóxico e psicolóxico que non pode ser ditaminado con precisión en que necesidade específica incluído. Por este motivo recóllese só para a etapa de ed. Infantil e exclúese esta categoría das etapas educativas posteriores.

**Descoñecemento grave da lingua de instrución:** Alumnado escolarizado dentro das etapas obrigatorias, Primaria e ESO, e non considerado dentro da incorporación tardía e que recibe un apoio educativo complementario.

**Situación de desvantaxe socio-educativa:** Alumnado escolarizado nas etapas obrigatorias (Primaria e ESO) e Programas formativos de FP Básica, que presenta un desfase escolar significativo, con dous ou máis cursos de diferenza entre o seu nivel de competencia curricular e o curso no que está escolarizado, por atoparse en situación de desvantaxe socioeducativa derivado da súa pertencencia a minorías étnicas e/ou culturais, por factores sociais, económicos e xeográficos, ou por dificultades de inserción educativa asociadas a unha escolarización irregular.

**OS DATOS** recollidos neste formulario **SON EXCLUÍNTES**, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Educativas especiais" nin en "Altas capacidades" nin en "Incorporación tardía" nin en "Específicas de aprendizaxe" nin en "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"). Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.

**ALUMNADO CON ESPECIAIS CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR**

Dificultades psicolingüísticas	Específicas da lingua	Retraso na adquisición da fala e da linguaxe
		Afasia
		Trastorno específico da linguaxe (TEL)
	Articulatorias	Dislalia
		Disartria
		Disglosia
		Disfemia
	Trastorno comunicativo	Mutismo electivo
		Outros trastornos
	Retraso madurativo	
Descoñecemento grave da lingua de instrución		
En situación de desvantaxe socio-educativa		
Con atención hospitalaria		
Con atención domiciliaria		
Con outras circunstancias		

Recóllese para calquera das ensinanzas ofertadas polo centro: Inf, Prim., ESO, Bach, Ciclos, Programas formativos de FP Básica.

- Recóllese só para: Infantil
- Recóllese só para: Primaria e ESO
- Recóllese só para: Primaria, ESO e Programas formativos

**Alumnado con trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH):**

O alumnado con discapacidade-minusvalía recoñecida ten que figurar na epígrafe "Educativas especiais" exclusivamente

**OS DATOS** recollidos neste formulario **SON EXCLUÍNTES**, non deben computar en ningún outro formulario (nin en "Educativas especiais" nin en "Altas capacidades" nin en "Incorporación tardía" nin en "Específicas de aprendizaxe" nin en "Outras condicións especiais"). Cada alumna/o deberá aparecer só unha vez, segundo a súa problemática dominante.

**ALUMNADO CON TRASTORNO POR DEFICIT DE ATENCIÓN E/OU HIPERACTIVIDADE (TDAH)**

Con déficit de atención
Con déficit de atención e hiperactividade

Recóllese para calquera das ensinanzas ofertadas polo centro: Inf, Prim., ESO, Bach, Ciclos, Programas formativos de FP Básica.

**CASUÍSTICAS - DRDADI**

**OUTRAS ESPECIFICACIÓNS SOBRE O ALUMNADO RECOLLIDO NOS FORMULARIOS DO BLOQUE DE "ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO"**

Outras especificacións sobre o alumnado recollido nos formularios do epígrafe "Necesidades específicas" ("Educativas especiais", "Altas capacidades", "Incorporación tardía", "Específicas de aprendizaxe", "Outras condicións especiais" e "Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade"):

Neste formulario poderase incluír o alumnado que consta nalgún dos formularios arriba indicados, incluíndoos onde corresponda segundo o trastorno que se especifica e polo que está diagnosticado.

**OUTROS DIAGNÓSTICOS A ESPECIFICAR**

Con dislexia	
Con síndrome de down	
Con síndrome X-fráxil	

Incluírase alumnado recollido nos formularios arriba indicados, dado que calquera alumno/a pode ter a maiores un problema de desvantaxe socio-educativa.

Os datos consignados neste formulario deben cumprir que:

**A suma deste alumnado, por nivel educativo e sexo, non poderá ser inferior ás cifras consignadas en "Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar - En situación de desvantaxe socio-educativa" nin superior á suma de todos os alumnos, por nivel educativo e sexo, dos seis formularios de "Necesidades específicas" entre os cales non pode haber duplicidade.**

**SITUACIÓNS DE DESVANTAXE SOCIO-EDUCATIVA A ESPECIFICAR**

Pertencente a minorías étnicas	Étnia xitana
	Outras étnias
Procedente doutras CC. Autónomas	
Familias itinerantes	
Ambientes desfavorecidos ou marxinais	
Menores sometidos a medidas de responsabilidade penal	
Alumnado sometido a medidas de protección e tutela	
Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar	
Atención educativa a mozas embarazadas	

→ Recóllense só para: ESO, Bach, Ciclos, Programas formativos de FP Básica

→ Recóllense só para mulleres: ESO, Bach, Ciclos, Programas formativos de FP Básica.

**NOTA:** **O alumnado de 2º E 3º PMAR, aparecerá en calquera dos apartados do epígrafe "ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO" pola súa casuística diagnosticada. Normalmente, este alumnado que está en grupos de "Programas de mellora do aprendizaxe e do rendemento" (PMAR) en 2º ou 3º curso, se debe a problemas de aprendizaxe, polo que, aquel que resultara de difícil ubicación nalgún dos formularios anteriores, poden incluírse no formulario ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE, no ítem "Con outras dificultades".**